



CAIXA RURAL GALEGA

www.caixaruralgalega.es

Sempre estivemos ó lado dos que queren botar raíces, dos que traballan duro para mellora-los seus resultados e dos que necesitan moverse por tódolos campos.

Por iso, se a túa ilusión é mercar unha vivenda, montar ou mellora-lo teu negocio ou cambiar de coche, na Caixa Rural Galega temos crédito para ti nas mellores condicións para facelo realidade.

Venno ver, estamos preto da xente con proxectos e ilusións.



acruga

Ano 15 | nº 52 | marzo 2012



Informe ACRUGA 2011 11

Jesús Ángel Lago Gancedo 14

**Ternera Gallega Suprema
Carne de Rubia Galega** 08

XXV CONCURSO NACIONAL E LXXXI POXA DE GANDO DE RAZA RUBIA GALEGA DE ADAI

22-23 DE XUÑO DE 2012 | ADAI (O CORGO)



acruga
RUBIA GALEGA, A RAZA



acruga
RUBIA GALEGA, A RAZA

Ano 15 | nº 52 | marzo 2012

Sumario

- 04 Carta do Presidente**
A Rubia Galega, raza de futuro
- 05 Novas**
Expolugo 2011: A Rural
- 07 Novas**
Adxudicadas 14 reses na poxa de Adai
- 08 Novas**
Ternera Gallega Suprema Carne de Rubia Galega: unha realidade nos mercados
- 11 Especial**
Informe ACRUGA 2011: intensa actividade fronte a crise
- 13 Árbore Xenealóxica**
Xeitoso RF
- 14 Reportaxe**
Jesús Ángel Lago Gancedo
- 18 Novas**
Avisos
- 19 Xenética**
Amadeo AG, Pelegrín II AG e Piñeiro AG
- 22 Rincón do socio**
Guía comercial. Crotalización. Recordatorio.
Presentación dun manual de Medio Rural sobre benestar animal.



Edita: **ACRUGA Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Galega**
R/ Ramón Montenegro, 18. Lugo | TEL 982 226 068 | FAX 982 231 031 | www.acruga.com

Coordenación, redacción, deseño e fotografía: **Ancaria SL**, Lugo

Depósito Legal LU 129/1999

Novos folgos para a Rubia Galega



César Dorado Pin

Queridas amigas e amigos gandeiros de ACRUGA,

Vimos de dar comezo a un novo ano no que semella que seguimos, en xeral, determinados por momentos de dificultades, sacrificios e crise. Un ano, o 2012, no que seguen a confirmarse os peores augurios e no que os especialistas non deixan entrever cambios favorables a curto prazo.

Boa mostra do noso esforzo, o de todos vós, son as 2.800 explotacións que hoxe forman parte da gran familia de ACRUGA. O censo de animais do último trimestre do ano do Libro Xenealóxico da Raza Rubia Galega alcanza as 64.300 reses vivas das cales algo máis da metade son reprodutores.

Ademais, outro grave problema que está asolando ao noso campo é a tremenda sequía que estamos sufrindo nos últimos tempos e que pon en risco a produción forraxeira. Sen campo para pastar faise moi difícil a rendibilidade da produción de carne e a solución a este problema non é fácil, pois non depende de nosoutros.

Como sabedes, a Rubia Galega non é allea a esta situación pero tamén debo dicir que, grazas ao voso traballo e ilusión, e tamén grazas ao apoio de organismos públicos, dende o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, pasando pola Consellería do Medio Rural e do Mar, as Deputacións de Lugo, Ourense e A Coruña, ata concellos, entidades bancarias, como Caixa Rural Galega, etc..., podemos afirmar sen dúbida que o camiño de futuro da Rubia Galega é firme e esperanzador.

Comezamos deste xeito con forzas renovadas un ano no que a presenza da Rubia Galega será constante en subastas, feiras e exposicións tanto de carácter local, coma galego e nacional. Citas como sabedes, esenciais para seguir dando a coñecer á nosa Raza, a súa evolución xenética, as súas vantaxes tanto en pureza coma en cruce industrial. Quero destacar que participaremos activamente neste primeiro semestre do ano nos certames gandeiros de GandAgro e na Semana Verde, ambas en Silleda, así como en feiras coma Santa Comba, Pedrafitas do Cebreiro ou Moexmu (Muimenta). E xa vos podó confirmar a data de celebración da Subasta e Exposición Nacional de Adai, que será o 22 e 23 de xuño.

Precisamente, falando de evolución quero destacar que no número da Revista ACRUGA que tedes nas vosas mans publicamos un artigo científico de enorme interese, xa que aborda a evolución na facilidade de parto da Rubia Galega. Anímovos a que o leades con detemento, pero adiantovos un dato certamente significativo: "o 95 por cento das femias de raza Rubia Galega paren sen problemas, e aínda máis, a maioría delas fano solas no campo sen ningún tipo de supervisión, nen axuda". Deste xeito, podemos presumir con todo o dereito da nosa Rubia Galega, xa que hoxe é das mellores razas parideiras en canto ás razas cárnicas se refire.

Esta boa evolución na facilidade de parto é unha das nosas principais liñas de traballo nos últimos anos e o seguirá sendo no futuro xa que é fundamental garantir a saúde das nosas vacas e a tranquilidade dos nosos gandeiros ante un parto.

Do mesmo xeito, aproveito tamén a ocasión para comentarvos que estamos xa a traballar na actualización do Catálogo de Sementais da Rubia Galega,

unha guía fundamental que nos vindeiros meses verá a luz e no que atoparedes cumprida información sobre a semente dispoñible dos nosos toros selectos, así como novas incorporacións de sementais e, como é habitual, todos os consellos necesarios para que poidades escoller axeitadamente cal é o mellor semental para as vosas vacas.

Por outra banda, sabedes da nosa estreita colaboración coa Deputación Provincial de Lugo, a través do Centro de Recría da Granxa Gayoso Castro, o cal nos permite recuperar e por en valor novellas que se convirten en selectas nais da Raza. Pois ben, o 28 de marzo, levaremos a cabo a que será a primeira subasta do ano 2012 de novellas preñadas, concretamente 10, nas propias instalacións da Granxa. Un fito ao que vos convidó a participar, xa que ademais, contaremos cunha boa axuda de Caixa Rural Galega para a adquisición de cada unha delas.

Tamén vos podó comunicar xa a celebración da nosa Asemblea anual de socios que celebraremos o sábado 5 de maio. Unha xuntanza a que animo a todos a participar pois nela informáremosvos de como vai á nosa Raza e a nosa Asociación e atenderemos ás vosas demandas e suxerencias, sempre encamiñados a mellorar o noso facer a prol da Rubia Galega.

Neste número contamos co saúdo da nova Conselleira do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia, D^a Rosa Quintana, quen amablemente se dirixiu a nosoutros para manifestarnos o seu apoio e alento. Dende estas verbas, quero aproveitar a ocasión, en nome de todos os nosos gandeiros, para felicitala polo seu recente nomeamento como Conselleira e para desaxarlle os nosos mellores desexos e os maiores éxitos nesta nova etapa que comeza, así como para brindarlle todo o noso apoio e colaboración.

Comezamos pois o ano e creo que as perspectivas son boas porque, traballando con constancia e ilusión, e facendo ben as cousas o éxito témolo asegurado. Debemos comezar o 2012 con enerxías e ánimos renovados, porque a pesar da crise que estamos a vivir, seguimos adiante.

Non canso de agradecer o voso apoio e o voso esforzo, que é o que nos anima a traballar dende ACRUGA pola Rubia Galega. Recordovos que na Asociación queremos escoitar as vosas ideas, suxerencias, así como críticas construtivas, asegúrovos que non caerán en saco roto e que as teremos en conta para mellorar.

Estamos á voso disposición e sempre que queirades poderdes e debedes solicitar o noso asesoramento e apoio.

Ánimo para este 2012 coa Rubia Galega.



acruga
RUBIA GALEGA, A RAZA

César Dorado Pin
Presidente de ACRUGA



A Rubia por vez primeira en Santa Comba

O concello de Santa Comba (A Coruña) organiza a XIV Poxa de xovencas de raza frisona que se celebrará o vindeiro sábado 3 de marzo no recinto feiral da localidade. Trátase dunha cita tradicional que promove a concellería de Agricultura, en colaboración con Africor Coruña, a Xunta de Galicia, e a Deputación de A Coruña.

Este ano, a principal novidade radica na posta en marcha dunha Mostra de Raza Rubia Galega na que ACRUGA aportará 6 novellas e 2 sementais. É, deste xeito, a primeira vez que a Rubia Galega conta cun espazo propio na feira de Santa Comba. Un concello este que conta cunha gran tradición no gando de leite, sendo un dos que máis vacas ten adscritas de toda Galicia.

Dados os tempos de crise que corren, aos que a gandaría de leite non é allea, a presenza da Rubia Galega é moi importante xa que hoxe está a ser unha alternativa idónea na reconversión das explotacións de leite en carne. A mostra de Rubia Galega en Santa

Comba é un complemento á subasta de leite e unha oportunidade idónea para que os gandeiros coñezan a que é unha das mellores razas de carne do mundo, a Rubia Galega.

O longo de todo o día do sábado haberá actividade no recinto feiral e as 3 comezará a Poxa das frisonas. O gando chegará ao recinto, un día antes, o venres pola tarde. O evento estará acompañado pola III Mostra de equipamento gandeiro e agrícola.

Para consultar o programa completo:

<http://revistafriga.com/noticias/subasta-de-novillas-en-santa-comba/>

e nel descargar o pdf que figura na parte inferior.

GandAgro 2012

Co nacemento de GandAgro no ano 2010 creouse o primeiro monográfico do noroeste peninsular adicado exclusivamente á agricultura e á gandería, un espazo enfocado a xerar negocio e innovación nos sectores agrícola e gandeiro.

Na súa segunda edición, na que participará ACRUGA, e que terá lugar na Feira Internacional de Galicia do 8 ao 10 de marzo, mantense o mesmo prantexamento: unir oferta e demanda nun marco idóneo para o intercambio comercial e aglutinar as últimas novidades orientadas a aumentar a competitividade. Todo elo coa implicación de practicamente todas as entidades e colectivos relacionados.

Un evento que se celebra en Galicia xa que é a comunidade española con maior produción de leite e unha das máis importantes tanto en censo vacún, porcino, avícola e cunícola, coma en produción de pensos.


A primeira edición do ano 2010 contou coa participación de 220 entidades agrogandeiras e 52 de horticultura ornamental. Alcanzou os 12.000 visitantes sendo o 95% deles profesionais do sector.

En 2012, ACRUGA participará nunha zona expositiva composta por 1 macho, 2 vacas e 4 novellas.

Máis información: <http://www.semanaverde.es/gandagro/>

Agricultura inteligente

clever farming



El sistema ISOBUS de Pöttinger

- sistema de conexión rápido y sencillo para utilizar con los principales fabricantes de tractores
- un solo mando de control para todos los aperos
- posibilidad de utilizar a través del mando del tractor
- comodidad de uso
- infinidad de funciones adicionales

Durán Maquinaria Agrícola s.l.
 Carretera N-640, km. 875 - 27192 LA CAMPAÑA (Lugo)
 Tel.: 982.22.71.65 - Fax: 982.25.20.86
 E-mail: info@duranmaquinaria.com
www.duranmaquinaria.com



Subasta no Centro de Recría da Granxa Gayoso Castro

Por primeira vez, ACRUGA e a Granxa Gayoso Castro (Castro Riberas de Lea) convocan a celebración dunha subasta de novelas nas instalacións da propia Granxa. A subasta terá lugar o vindiero mércores 28 de marzo ás 13:00 horas.

Na poxa, os gandeiros inscritos poderán optar a 10 novelas preñadas, que terán un prezo de saída de 1.800 euros. Para incentivar e axudar á adquisición das mesmas, Caixa Rural Galega aportará unha axuda de 300 € a cada un dos exemplares adquiridos.

Dende ACRUGA queremos aproveitar para convidar a todos os interesados na Rubia Galega a participar nesta primeira celebración dunha subasta pública de novelas selectas de Rubia Galega en Gayoso Castro.

MOEXMU

A XXVIII edición da Mostra Exposición de Muimenta, Moexmu, celebrarase en Muimenta (Lugo) entre o 30 de marzo y el 1 de abril do presente ano.

Deste xeito, o certame, de grande tradición gandeira na provincia de Lugo, acollerá a XXVI edición da Exposición de Gando de Raza Rubia Galega. Para elo ACRUGA contribuirá coa presenza de 2 touros da Raza aos que se engadirá a participación de diversos gandeiros da Raza.

Ademais, Moexmu tamén acollerá o XXVI Concurso de Gando Frísón e a XIV Subasta de Gando Selecto desta raza.
 Máis información: <http://moexmu.blogspot.com/>



Subasta de Pedrafita do Cebreiro

O sábado 21 de abril Pedrafita do Cebreiro (Lugo) acollerá unha nova subasta de novelas procedentes do Centro de Recría da Granxa Gayoso Castro. Como noutras subastas organizadas por ACRUGA, tamén contará cunha axuda de 300 € de Caixa Rural Galega, para a adquisición de cada unha delas.



35ª edición da Semana Verde de Silleda

Do 14 ao 17 de xuño de 2012 a localidade pontevedresa de Silleda acolle a celebración da Feira Internacional Semana Verde de Galicia, sendo a súa 35ª edición. Non faltará nela a sempre destacada presenza de ACRUGA e da Rubia Galega.

Como en anteriores edicións a Semana Verde seguirá a apostar pola diversidade de sectores e actividades, pero sempre tendo moi presente a importancia dos sectores primarios de Galicia. Neste senso, a presenza de ACRUGA é indiscutible, como raza de carne de alto valor, a máis importante de Galicia e das máis destacadas de toda España.

Máis información: <http://www.semanaverde.es/2012/>

Concurso Nacional e Poxa de Adai



O XXV Concurso Nacional e LXXXI Poxa de Gando de raza Rubia Galega de Adai celebrárase no concello de O Corgo os días 22 e 23 de xuño do presente ano.

Para poder participar en ámbalas dúas citas, detallamos a continuación toda a información necesaria para que os nosos gandeiros poidan apuntar os animais que consideren, de acordo coas normas establecidas pola propia Regulamentación do concurso e da poxa.

Segundo o artigo 17 de dita Regulamentación poderán tomar parte no Certame todos os criadores de gando selecto da Raza Rubia Galega inscritos no Libro Xenealóxico que o desexen e así o soliciten, sempre que o fagan dentro do prazo establecido e que o gañado concursante reúna todas as condicións que para o mesmo esixense neste Regulamento. Só imporanse limitacións en canto o número de exemplares concursantes por gandería, no caso de que a cifra de solicitudes pase as posibilidades de aloxamento do Mercado.

Deste xeito, as solicitudes de participación formularanse á ACRUGA por vía postal, telefónica ou e-mail, antes das **14.00 horas do día 18 de maio de 2012**.

Condicións que deberá cumprir o gando inscrito

En xeral, os animais que concorran ao evento deberán estar identificados individualmente mediante crotal auricular ou outros sistemas autorizados con arranxo ao Regulamento CE 1760/2000, sobre identificación e rexistro dos animais da especie bovina.

Do mesmo xeito, os animais asistentes deberán atoparse nas suficientes condicións de presentación e manexo da categoría e distinción que a Raza esixe. Os exemplares que non reúnan as condicións serán eliminados do recinto do Certame polo Xurado de Admisión.

Finalmente as idades citadas nas distintas seccións do programa entenderanse referidas ao 23 de xuño de 2.012.

No relativo ás especificacións de carácter xenealóxico, será condición indispensable que todos os animais concursantes figuren inscritos no Libro Xenealóxico da Raza Rubia Galega.

Normas de carácter sanitario

As condicións de índole sanitaria esixidas aos animais para ser admitidos ao recinto do Certame, son as seguintes:

1. Folla de Cualificación Sanitaria en vigor
2. Só poderán participar aqueles animais sobre os que se realizaran as seguintes probas nun laboratorio oficial, nos 30 días anteriores ao Certame:

-Todos os animais deberán resultar negativos ás probas sexolóxicas de detección do antixeno da Diarrea Vírica Bovina (BVD_{vx}).

-Os animais maiores de 24 meses deberán resultar negativos ás probas de detección de anticorpos fronte ao Mycobacterium avium paratuberculosis (Paratuberculose).

-Todos os animais maiores de 12 meses deberán presentar un resultado negativo ás probas para a detección de anticorpos fronte á glicoproteína gE da Rinotraqueíte Infecciosa Bovina (IBR_{gE}) e a Neosporose Bovina.

3. Certificado de teren realizado os tratamentos contra a Parasitose interna e externa.

Seccións do Concurso Nacional de Raza Rubia Galega

Como ben sendo habitual os exemplares participantes no Concurso, quedarán agrupados nas seguintes seccións:

MACHOS

Sección 1ª.- Sementais de máis de 26 meses.
Sección 2ª.- Xatos de 14 a 26 meses.
Sección 3ª.- Becerras de 8 a 14 meses.

FEMIAS

Sección 4ª.- Vacas con máis de 5 anos de idade.
Sección 5ª.- Femias de 3 a 5 anos de idade.
Sección 6ª.- Novelas de 20 a 36 meses de idade.
Sección 7ª.- Becerras de máis de 8 meses de idade.

CRÍAS

Sección 8ª.- Machos ata 8 meses de idade.
Sección 9ª.- Femias ata 8 meses de idade

LXXXI Subasta de Gando de Rubia Galega

Polo que respecta á Subasta, poderán participar nela:

- a) Os xatos de idade comprendida entre os 14 e 26 meses cualificados, sen defectos morfolóxicos descalificantes.
- b) As novelas con xestación confirmada, con idade comprendida entre os 18 e 36 meses, sen defectos morfolóxicos descalificantes.

Ademais das condicións de índole sanitaria esixidas aos animais para ser admitidos ao recinto do Certame, os animais participantes da poxa deberán ter as probas correspondentes de Tuberculose, Brucelose, Leucose Enzootica Bovina e Perineumonía Contaxiosa Bovina, así como as de BVD anticorpo, realizadas nos 30 días anteriores á celebración do certame.

Outros certames gandeiros 2012 (nacionais) coa participación da rubia galega

- 12 a 15 de abril: Subasta Nacional de Pozoblanco (Córdoba): a subasta de Rubia Galega será o domingo 15.
- 6 a 11 de setembro: Subasta Nacional de Salamanca: a subasta de Rubia Galega será o martes 11.
- 4 a 10 de outubro: Subasta Nacional de Zafra (Badajoz): a subasta de Rubia Galega será o martes 9.
- 5 a 7 de outubro: Exposición Nacional de Lugo-Expulugo 2012: Exposición Nacional de Rubia Gallega e Poxa, o domingo 7.
- 19 a 20 de outubro: Subasta Nacional de Colmenar Viejo (Madrid): a subasta de Rubia Galega será o sábado 20.
- 15 a 18 de novembro: Subasta Nacional de Trujillo (Cáceres): a subasta de Rubia Galega terá lugar o domingo 18.



grupo OGALCO



produtos zoosanitarios, fitosanitarios, sementes e alimentación animal

Distribuidor para a Provincia de Lugo de:

ALLTECH | BAYER | B BRAUN | CALIER | ELANCO
MASSÓ | NESTLÉ PET CARE | NOREL NATURE | PFIZER
SEMILLAS PIONEER | SOPRAL IBÉRICA | TRIXIE | VÉTOQUINOL | VINCI

Estrada Vegadeo-Pontevedra Km. 89 | A Campiña 27192 Lugo
tel 982 215046 | fax 982 214662 | www.ogalco.com



Curso de Aplicador de Produtos Biocidas. Nivel básico.

De carácter específico, o curso vai dirixido a traballadores en activo e desempregados que sexan membros de ACRUGA.

Homologado pola Consellería do Medio Rural e do Mar para a adquisición do Carné DDDI, son cursos subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e polo Fondo Social Europeo.

O curso consta de 19 prazas e será impartido nas seguintes datas e horarios:

Venres 2 de marzo: de 16:00 a 21:00 horas

Sábado 3 de marzo: de 9:00 a 14:00 horas

Venres 9 de marzo: de 15:30 a 21:00 horas

Sábado 10 de marzo: de 9:00 a 14:30 horas

O lugar de impartición será o Centro de Estudos CACUMEN, sito na rúa Concepción Arenal, 18-1º, de Lugo.

Dous Cursos de Benestar Animal para condutores/coidadores

O primeiro dos cursos, foi impartido os días 24 e 25 de febreiro. De carácter específico, estivo dirixido a traballadores en activo e desempregados membros de ACRUGA.

Homologado pola Consellería do Medio Rural e do Mar para a adquisición do Carné de Benestar Animal, son cursos subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e polo Fondo Social Europeo.

O segundo curso, de carácter xeral pero coas mesmas características, consta de 18 prazas e será impartido os días os días 23, 24, 30 e 31 de marzo en horario o venres de 16:00 a 21:00 horas e o sábado de 9:00 a 14:00 horas.

O lugar de impartición será o Centro de Estudos CACUMEN, sito na rúa Concepción Arenal, 18-1º, de Lugo.

Rosa Quintana Carballo, nova conselleira do Medio Rural e do Mar saúda aos nosos gandeiros



Na miña condición de conselleira do Medio Rural e do Mar comprácame especialmente saudar desde aquí aos gandeiros de ACRUGA. Quero trasladarvos tamén o meu afecto e a miña mellor disposición a traballar man con man a prol do sector gandeiro galego en particular e, por extensión, en favor do noso agro.

Resulta indubidable que na nosa Comunidade o sector primario ten unha condición estratéxica, tanto desde o punto de vista económico como social e mesmo cultural.

A produción de alimentos a partir do aproveitamento dos recursos do agro e do mar forma parte indisoluble da propia esencia de Galicia. Non se pode concibir esta terra (tal como é hoxe en día e tal como foi, na súa evolución histórica) sen ter moi presente que falamos, sobre todo, dun país de labregos, gandeiros e mariñeiros.

De feito, a imaxe da nosa Comunidade identifícase inmediatamente con ese enorme potencial da súa terra e do seu mar.

En relación con este último, destaca a existencia de ecosistemas únicos no mundo, como son as rías, que atesouran valiosísimos recursos pesqueiros e marisqueiros.

Ao tempo, no interior, as específicas condicións dos solos, unidas a unha climatoloxía e unha orografía tamén peculiares, conforman unha contorna favorable para o desenvolvemento dunha cabana gandeira de extraordinaria calidade e permiten ademais contar con excelentes produtos da horta, así como con viños cunha personalidade propia e moi definida. A isto hai que sumar, dende logo, unha riqueza forestal que sitúa a Galicia á cabeza de España na materia.

Pero, indiscutiblemente, o principal valor deste eido é o que representades as boas xentes do agro e do mar. Persoas curtidas polas esixencias que impón o voso duro labor pero que conservades un humor e unha filosofía de vida que conforman un verdadeiro patrimonio inmaterial de incalculable valor.

Galicia pode presumir, en definitiva, dunha extraordinaria nómina de producións agrícolas, gandeiras, forestais, pesqueiras, marisqueiras e acuícolas, unha riqueza pola que os poderes públicos teñen a obriga de velar, ordenando, fomentando e promovendo o seu aproveitamento racional e sostible. Niso está a Xunta de Galicia, que mantén con firmeza o seu compromiso co futuro do sector primario a través da Consellería do Medio Rural e do Mar, que integra as competencias relacionadas con todos estes eidos produtivos, favorecendo tanto o seu progreso económico e social coma o mantemento do seu persoal carácter e os seus vínculos coa tradición e a cultura.

EXQUISITA

TERNERA GALLEGA SUPREMA

CARNE DE RUBIA GALLEGA



Eu Quéro 



J&L

Mércores
28 marzo
13.00 hrs.

Subasta de novelas

Granxa Gayoso Castro | Castro Ribeiras de Lea



Na poxa, os gandeiros inscritos poderán optar a 10 novelas preñadas, que terán un prezo de saída de 1.800 euros. Para incentivar e axudar á adquisición das mesmas, Caixa Rural Galega aportará unha axuda de 300 € a cada un dos exemplares adquiridos.

Facilidade de parto na Rubia Galega

Por Moreno, A.; Cantalapiedra, J.; Romero, F.; Martín, N.; Lima, J.; Traba, M.



A raza Rubia Galega caracterízase por un formato equilibrado, lonxevidade, gran rusticidade e facilidade de adaptación a medios adversos, así como as súas calidades maternais, rendementos produtivos e excelentes características de calidade da canal e da carne.

Este gando tivo un indubidable protagonismo social e económico na poboación rural galega, utilizándose ata fai relativamente pouco como un elemento imprescindible na labranza das terras e, xa que logo, no desenvolvemento agrícola da rexión.

A través da súa historia, a raza Rubia Galega evolucionou a un morfotipo medio e equilibrado, de máis harmonía e ampulosidade, coa mesma alzada e lonxitude corporal, pero con maior anchura de peito e capacidade torácica, o que vén coincidir co tipo europeo máis idóneo de bovino de produción de carne.

Aínda que o sistema de explotación segue sendo familiar e baseado no pastoreo, é de destacar a evolución da densidade de animais nas explotacións, que actualmente se atopa en case 24 cabezas por gandería -a 31 de decembro de 2011- cando fai 10 anos apenas superaba os 10 animais por explotación.


O programa de mellora levado a cabo desde a Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Galega, ACRUGA, logrou evolucionar a raza ata obter unhas melloras relevantes das súas características reprodutivas e produtivas, como a precocidade sexual. Deste xeito, a día de hoxe é a raza cárnica con maior precocidade, situándose a idade media ao primeiro parto arredor dos 28 meses.

Pero nesta liña sobre todo hai que destacar a mellora obtida nos últimos anos en canto á facilidade de parto, que é un aspecto esencial na selección xenética de calquera raza, e aínda máis se cabe nunha raza de aptitude cárnica como esta.

Neste sentido, segundo os datos rexistrados por ACRUGA nos últimos anos comprobouse que o 95 por cento das femias de raza Rubia Galega paren sen problemas, e aínda máis, a maioría delas fano solas no campo sen ningún tipo de supervisión, nin axuda.

Actualmente, o caso de vacas de Rubia Galega que requiren intervencións cirúrxicas no parto non chega ao 2 por cento, a diferenza do que ocorría a finais do século pasado e principios deste, cando a facilidade de parto non chegaba ao 80 por cento e as intervencións nos partos eran habituais. Todo iso vén demostrar a importante mellora en facilidade de parto experimentada por esta raza, froito dunha coitada selección dos touros sementais; dun criterio de selección no programa de mellora da raza, enfocado a unha diminución no peso ao nacemento; e dun control do denominado xene da miostatina, tamén chamado xene do carácter culón.

Un dos principais factores que permitiu esta evolución favorable é a selección cara a un peso ao nacemento cada vez menor. De feito, nos últimos dez anos conseguíuse reducir en case 5 quilogramos o peso ao nacemento dos tenreiros, que actualmente se sitúa en ao redor dos 42 quilogramos de media. Esta evolución na diminución do peso ao nacemento é proporcional ao incremento na facilidade de parto, tal e como se mostra no gráfico.



Control sobre o xene da miostatina

Nesta evolución favorable tamén hai que destacar o control que se realiza sobre o xene da miostatina ou xene da hipertrofia muscular bovina que é o responsable do fenotipo culón na Raza Rubia galega.

Dito xene caracterízase polo elevado desenvolvemento do tecido muscular, o que favorece unha maior produción de carne. Con todo, aínda que este é o trazo máis destacable, debe considerarse que tamén implica unha serie de características pouco desexables como ventre recollido coa consecuente diminución do peso das vísceras, gran finura ósea, defectos nos aplomos, pel extremadamente fina e lustrosa, cola xeralmente curta e de inserción dianteira, macroglosia (língua dun tamaño maior ao normal nos tenreiros recentemente nados que provoca dificultade para mamar, asfixia, diarreas e erosións bucais), escaso desenvolvemento dos xenitais externos e ubres nas femias, maiores intervalos e dificultades de parto, maior mortalidade perinatal, deficientes aptitudes maternais, descenso da produción leiteira, etcétera.

Os efectos desexables do xene como o aumento da produción cárnica ocasionou que fai 2 ou 3 décadas, nunha época na que se viviu unha conxuntura económica distinta á actual, xurdiu un interese pola procura e selección de animais culóns por motivos económicos, xa que daban maior rendemento cárnico e o prezo da carne era maior que agora. Pero este feito implicaba unha alta porcentaxe de partos distócicos ou problemáticos, cun elevado número de cesáreas e, polo tanto, cun menor rendemento reprodutivo da vaca ao longo da súa vida produtiva.

Actualmente, a situación económica do prezo da carne cambiou e está demostrado que é máis rendible que as femias teñan máis partos, aínda que sexan de tenreiros máis pequenos, pero que non faga falta intervencións cirúrxicas. No entanto, é interesante reconecer os efectos desexables que outorga a presenza deste xene, como os xa mencionados do maior desenvolvemento muscular e, xa que logo maior produción de carne, polo que actualmente non se busca eliminar totalmente a presenza deste xene, senón telo controlado, para manter o desenvolvemento de masa muscular e polo tanto a produción cárnica, pero evitando que os animais sexan culóns.



O manexo na Rubia Galega

Outro feito fundamental a ter en conta na facilidade de parto das vacas é o manexo. É moi importante seleccionar o semental adecuado para cada vaca, tanto en tamaño, como en xenética. É un erro frecuente pensar que calquera touro vale para calquera vaca. Hai que ter en conta a liña xenética tanto da vaca como do touro (evitar consanguinidade), así como as características morfolóxicas do touro que mellor se adapta á vaca.

Tamén é moi importante ter presente que a vaca debe estar nun adecuado estado de carnes. Unha vaca excesivamente gordá pode ter depósitos de graxa na área pélvica que poden interferir na canle do parto, cunha alta probabilidade de presentar dificultades para parir e necesidade de intervención.

En condicións normais, na medida do posible, hai que procurar deixar á vaca tranquila nos momentos previos ao parto e facer as menos intervencións posibles.

Unha vaca próxima ao parto nun sistema de produción natural (explotacións extensivas), abandona a manada antes de parir (a excepción da primípara que parirá ao tenreiro no medio da manada), móstrase aprensiva, mirando ansiosamente ao seu redor, deambulando e, ata, pode reunir restos de "yacija" coas patas (preparación do niño). Está intranquila, comeza a botarse e levantarse e cambia continuamente de posición.

Comezan os espasmos, cada vez máis frecuentes e definidos (duns 20 segundos cada cuarto de hora) ata que os esforzos expulsivos dan lugar á rotura do alantocorion (líquido de cor pallizo, similar aos ouriños).

A duración desta fase oscila entre 3 horas e 2 días, sendo a súa duración media máis común dunhas 4 horas (Fraser, 1982). Cando as contraccións producense cada 3 minutos empeza a saír algunha rexión do feto (xeralmente, as patas dianteiras). A saída do feto pode darse coa vaca de pé ou tombada e ten unha duración de aproximadamente unha hora, xeralmente de noite. Pero hai que ter en conta que no caso de novelas, o parto é máis lento, debéndose esperar unhas dúas horas.

Unha vez nacido o tenreiro, a vaca descansa un momento antes de empezar a lambar á cría intensamente e a placenta. Por suposto, é adecuado estar pendentes por se se presentasen problemas, pero é aconsellable intervir unicamente cando hai evidencias de que hai problemas, pois moitas veces a impaciencia do gandeiro ocasiona unha intervención non necesaria.

De feito, un dos erros máis frecuentes na atención do parto, é a intervención prematura. O recomendable é non intervir ata unha hora e media hora despois do parto e en calquera caso, por ningún motivo, débese intervir antes da ruptura do saco amniótico. Se este rompe antes de tempo, detense a dilatación do pescozo do útero, impedindo a normal saída do tenreiro e obrigando á tracción deste.

Traccións excesivas, poden traer consecuencias negativas sobre a vaca e o tenreiro, e ata pode chegar á morte da vaca. Unha vaca que foi axudada nun parto, sobre todo no primeiro parto, é fácil que requira axuda en partos sucesivos.

Non obstante, a porcentaxe de vacas da raza Rubia Galega que paren sen ningún tipo de axuda é actualmente moi elevado, atopándose a raza actualmente entre as mellores parideiras en canto ás razas cárnicas se refire.



Casa de Alfredo

Pasado e presente a prol da Rubia Galega

Visitamos terras próximas á capital lucense, concretamente a bisbarra de Sarria para coñecer a explotación de Isabel García Alvarado e Alfredo García Villar. Ubicada no lugar de Lezoce, parroquia de San Xulián da Veiga, conversamos con pai e filla, co pasado e co presente da Rubia Galega. Precisamente hai poucos meses sufriron a desgracia dun baleiro sanitario que propiciou que se decidiran dende entón a apostar pola nosa raza Rubia Galega. Para elo adquiriron, asesorados por ACRUGA, máis de 25 novelas, na Granxa Gayoso Castro. E en base a elas, nunha decidida aposta pola recría, recuperaron a explotación e a súa ilusión e vocación pola gandaría. Eles dous son os que levan o día a día da explotación. Ganas de traballar non lles faltan e as súas primeiras impresións sobre a Rubia Galega, son máis que positivas. Conversamos con eles.

Intuímos que a gandaría é unha peza importante na súa forma de vida desde sempre. Dende cando se adican á mesma? É a súa unha explotación gandeira de tradición?

A nosa familia adicouse desde sempre á gandaría, meus avós e meu pai Alfredo tiveron sempre gando. Ademais, gando de carne. Eu estou agora coma titular da explotación e coa axuda do meu pai seguimos levándoa adiante.

E cando se deciden pola Raza Rubia Galega? Porqué escolleron a Rubia Galega fronte a outras razas de carne?

Aínda que tivemos sempre gando de carne, ata o ano pasado tivemos cruce con Rubia Galega, pero non Rubia pura. O ano pasado tivemos que facer un baleiro sanitario e nese momento foi cando decidimos apostar pola Rubia sen cruces. Eu tiña claro que no momento en que tivese que renovar a explotación, como así desgraciadamente ocorreu, sería con Rubia Galega seleccionada e pura, e así foi. Mercamos 25 novelas no Centro de Recría da Granxa Gayoso Castro hai un par de meses porque ademais queríamos vacas seleccionadas e con todas as garantías, e aquí estamos. O primeiro lote que adquirimos foi de 12 vacas, todas elas preñadas, parindo unha delas ao pouco tempo. O segundo lote foi de 13, estando preñadas 2 delas.

En comparación con outras razas que tiveran, como valoran á Rubia Galega? Que ten de bo, que vantaxes reporta? Ten algunha eiva?

É cedo para facer valoracións sobre as vacas xa que as mercamos hai moi pouco pero o que si podo adiantar, pola nosa experiencia, que é unha raza moi mansa, e ademais estas en concreto adaptáronse moi ben á nave e á finca. E iso que as vacas dun dos lotes que veu nunca estiveran fóra, nunca as botaran a pacer, e aínda así a súa adaptación é perfecta. Sinceramente non agardábamos que dende un principio se adaptaran sen problemas, o cal é moi de agradecer. Agora, cando se produzan os primeiros partos poderemos valorar mellor como paren, como veñen as crías, como se desenvolven, etc., pero a primeira impresión é moi boa.

Que tipo de réxime practican? (semiextensivo, extensivo..)

Contamos con varias fincas, todas elas grandes, que en conxunto son unhas 17 hectáreas. Para cando fai mal tempo, sobre todo cando chove, témolas estabuladas. Para elo contamos unha nave con capacidade para 33 vacas, e espazo tamén para as crías. A nave reformámola hai 9 anos e a temos aberta sempre para que entren e saian cando queiran.

Cal é a alimentación que proporcionan ás súas reses?

O que lles damos é silo de millo e herba seca, que é co que se manteñen polo de agora. En canto teñan as primeiras crías compensaremos con pienso. O que si facemos nós é plantar o millo e ensilar, porque non compensa mercar o alimento, tal e como están os prezos...

Que proceso de inseminación seguen, contan con semental propio ou utilizan as sementes de ACRUGA?

Algunhas das vacas que mercamos viñeron preñadas de Gayoso Castro. Outras inseminámolas, aconsellados polos técnicos de ACRUGA xa que nós queremos becerros pequenos que desenvolvan ben despois. Ademais, como aínda non sabemos como van a responder as vacas ante o primeiro parto, preferimos ser precavidos coas sementes. En todo caso, hai anos tivemos semental propio e, co tempo, a nosa idea é volver a telo, unha vez saibamos que tipo de semente necesitan as nosas vacas.

A produción da súa explotación, a que vai destinada?

O noso obxectivo primeiro é a recría das femias, cos terreos e instalacións que temos, queremos crecer en número de animais. Os xatos si que os destinaremos a matadoiro pero temos ganas de aumentar o número de reses da explotación, doutra forma non sería rendible telas.



Desde cando pertencen a ACRUGA e en que os axuda a Asociación? Recibiron asesoramento cando adquiriron os exemplares de Rubia Galega?

Pois levamos moi pouco tempo, desde que decidimos apostar pola Rubia Galega. Estamos contentos polo asesoramento, porque concretamente Ángeles axudounos a elixir os exemplares en Gayoso Castro. E ademais déronnos o Catálogo de Sementais para que nos informáramos á hora de decidir as sementes para as nosas vacas. Por iso, aínda que como socios apenas levamos tempo, estamos contentos do trato que nos proporcionaron.

Tal e como vimos de falar sabemos que adquiriron exemplares a través da Granxa Gayoso Castro, que resultados lle están dando?

Aínda é cedo para valorar os resultados desta adquisición que fixemos en Gayoso Castro, pero como dixemos antes a primeira experiencia con elas é boa. Adaptáronse ao 100%, algo que era ao que eu máis lle temía. Vixiámolas continuamente, mimámolas e como ves transmiten unha tranquilidade que nos anima a seguir apostando por elas.


Desde o seu punto de vista, como valoran a situación actual desde cando empezaron ata os tempos actuais?

Na nosa familia, aos meus pais e avós, a gandaría sempre gustounos a todos, eu estou animada a seguir a tradición familiar. Sen embargo os tempos que corren son moi difíciles. Polo becerro hoxe non te pagan o que pagaban hai anos, e iso que agora costa máis sacalo adiante. Pero unha vez que tes as terras -e nós temos grandes fincas, polo que a diferenza de moitos outros nin nos fai falla a concentración parcelaria- e as cortes, que reformamos hai pouco, pois non temos ganas de abandonar senón de seguir adiante e aumentar o noso gando. Na época do meu pai si se valoraba o traballo do gandeiro, e o prezo da carne era máis xusto, pero hoxe non é así. E hai que ter en conta que as cidades viven do que se produce no campo, co cal vexo necesario que a sociedade volva a valorar o noso traballo como se merece.

E o futuro, que visión teñen del?

Pois hoxe levamos a explotación entre meu pai, que ten 84 anos, e eu. O futuro é negro, pero nós temos a ilusión, sobre todo despois de apostar pola Rubia Galega, que eu tiña moitas ganas de tela. E teño dous fillos que se criaron no campo e que o valoran. Creo que eles seguirán coa nosa labor gandeira, e iso é o que nos anima a traballar e a seguir. Pero do futuro en xeral, mellor non falar e só esperar que a situación poida cambiar para mellor.





Fecha Nac.	14/02/2007
Identificación Ind.	CG-14000
Criador	José M. Rodríguez
Crotal Sanitario	ES021107031084
Código IA	622112

♂ Alferez AG

- ♂ Queizán CG-9297
 - ♂ Gallardo II TC-608916
 - ♀ Gemela CG-3116
- ♀ Cachorra CG-6385
 - ♂ Pamele CG-2842
 - ♀ Moreira CV-608874

Alférez AG

Valoración individual


Pesos en nave de testaje

Nac.	48 KG
7 m.	345 KG
12 m.	591 KG

Calificación Morfolóxica	80,00
GMD (kgs/día)	1,494
Índice de conversión	5,32


	Índ. Genét.	% Prec.
Nacimiento	95,98	76,1
Destete	104,98	75,6
ICO	100,783	





Farruco AG

Exemplar nº	NJ6433
Crotal	ES081107674585
Data nacemento	15/06/2008
Criador	Luis Pérez López
Cal. morfolóxica	80,00
Rexistro	Definitivo




Valoración individual

Peso ao nacemento	38 kgs
Peso ao destete	335 kgs
Peso aos 12 meses	565 kgs
GMD	1,308 kgs/día
Índice de conversión	5,91



Nicolás AG

Fecha Nac.	25/10/2007
Identificación Ind.	CN-2257
Criador	Manuel Alonso
Crotal Sanitario	Es031107377700
Código IA	622116



Valoración individual

Pesos en nave de testaje	Calificación Morfolóxica	80,00	Índ. Genét.	% Prec.			
	GMD (kgs/día)	1,805			Nacimiento	101	75,2
	Índice de conversión	5,59			Destete	111	74,3
12 m. 7 m. Nac.	48 KG		ICO	111			
	370 KG						
	667 KG						



PIENSOS COMPUESTOS
UTECO
 COREN AGROINDUSTRIAL S.A.U.

Bonxe, Outeiro de Rei, Lugo
 tel 982 39 25 36 | 982 39 25 43
 fax 982 39 25 50

PIENSOS XA

COAGA

FÁBRICA DE PIENSOS COMPUESTOS

Bretoña. A Pastoriza
 Tel. 982 349250 / 982 349259 Fax 982 349361

A Guía Comercial

A Guía Comercial da revista, é un servizo totalmente gratuíto que Acruga ofrece aos seus socios e no que teñen cabida os seguintes contidos:

- Anuncios breves de compra-venta de animais vivos, apeiros e maquinaria
- Oferta de servizos gandeiros
- Bolsa de traballo: ofertas e demandas

Os socios interesados en incluír os seus anuncios e ofertas nesta sección deben cubrir unha ficha que temos a disposición para este fin nas oficinas da Asociación. Tamén nolas poden facer chegar a través do correo electrónico rubia@acruga.com, incluíndo no correo o texto proposto xunto cos datos de contacto.

Véndense novelas: móv 982 175 417	Vendo vacas, 1º, 2º e 3º parto: móv 608 514 809	Venda de novelas: tel 982 176 228 móv 630 153 498	Vendo novelas de Rubia ecolóxicas, xatos a partir de 8 meses, e vacas: tel 982 502 480 móv 625 147 241
Venda de novelas de Raza Rubia Galega: tel 982 313 140	Venda de gandeiría na súa totalidade, femias reprodutoras con carta xenealóxica, Rubia Galega, Gandeiría Seoane, Ourense. móv 670 37 57 47	Vendo circuíto de munxido marca Westfalia, 5 pto. de munxido, lavado automático, pouco uso. Económico. móv 649 709 740	Venda de Novelas: móv 637 796 631
Véndese novelo marcado con probos realizadas (ADS) móv 648 187 857	Vendense novelas e xatos a partir de 7 meses. móv 618 883 695 tel 982 698 182	Merco dereitos de pago único. Chamar a partir das 15:00 hrs. ó teléfono: móv 696 16 71 06	
Véndense femias (preñadas ou vacías) e machos de 8-12 meses (libres IBR, neopora...) tel 982 175 440 móv 620 528 297			

Asemblea Xeral de Socios de ACRUGA

O **sábado 5 de maio** do presente ano 2012 terá lugar a Asemblea Anual Ordinaria de socios de ACRUGA no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo. Unha vez pechada a orde do día e o programa de actividades, lles será notificado convenientemente aos señores/as socios/as.

Nela, o equipo directivo de ACRUGA, presidido por César Dorado, informará a Asemblea de socios e socias sobre a evolución e o avance da Asociación no último exercicio así coma os novos proxectos postos en marcha e a planificación de actuacións para o ano 2012 e o futuro máis inmediato.

Celebración de San Cidre

Como xa é tradición, unha vez celebrada a Asemblea de Socios celebraremos un xantar de confraternidade para conmemorar o día do Patrón dos gandeiros, San Cidre.

A comida terá lugar cara as dúas da tarde no propio Pazo de Feiras e Congressos de Lugo.

O prezo por persoa é de 10 euros, sendo gratuíta para nenos e nenas de ata 12 anos. Todo aquel que desexe participar desta celebración deberá ingresar dita cantidade no número de conta:

30700001211137190425, indicando no ingreso nome e DNI.

Do mesmo xeito todos os gandeiros inscritos em ACRUGA interesados em participar desta comida de confraternidade, ademais de levar a cabo o pago, deberán apuntarse chamando ao teléfono **982 226 068 en horario de 9 a 14 horas, antes das 14:00 horas do venres 27 de abril, e deben tamén indicar si van a vir nenos e de que idades.**

